



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 5 de xuño de 2020 (827/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día cinco de xuño de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(424).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(425).- MODIFICACIÓN DA PORCENTAXE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PREVISTA NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13/05/2020. EXPTE. 3047/449.**

Dáse conta do informe-proposta de data 4/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto 537/20, de 22 de maio,
- Orde TMA/230/2020, de 15 de marzo, pola que se concreta a actuación das autoridades autonómicas e locais respecto da fixación de servizos de transporte público da súa titularidade.
- Orde TMA/254/2020, de 18 de marzo, pola que se dita instrucións en materia de transporte por carreteira e aéreo.



## Concello de Vigo

- Orde TMA/259/2020, de 19 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre transporte por carreteira.
- Orde TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.
- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadores por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Orde TMA/306/2020, de 30 de marzo, por la que se ditan instrucións sobre redución de servizos de transporte de viaxeiros durante a vixencia do Real Decreto-lei 10/2020.
- Orde TMA/384/2020 de 3 de maio pola que se ditan instrucións sobre a utilización de mascarillas nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para la flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición a unha nova normalidade.
- Orde TMA/400/2020, de 9 de maio, pola que se establecen as condicións a aplicar na fase I da desescalada en materia de mobilidade e se fixan outros requisitos para garantir unha mobilidade segura.
- Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/440/2020, de 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde de 6 de maio de 2020 pola que se aproban medidas a aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión de 26 de maio de 1994.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Constitución española, de 6 de decembro de 1978 (CE).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 24 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Apreciar a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe este contrato, aprobado por Acordo Plenario de data 26 de maio de 1994, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.*

*2º.- Reducir, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA) en data 23 de marzo de 2020 e que obra no expediente dixital 3047-449.*

*3º.- Autorizar a adopción, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, das seguintes medidas excepcionais enfocadas a impedir a transmisión do virus e a protexer a saúde dos traballadores e usuarios do servizo público de acordo coa Orde TMA/254/2020 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana consistentes en:*

- 1. Obrigación de acceso/saída dos clientes exclusivamente polas portas central e/o traseira (articulados) facendo uso da segunda validadora situada próxima a esta porta, bloqueando para o seu uso a dianteira.*
- 2. Limitar o aforo de cada un dos autobuses a un máximo de 30% da súa capacidade.*
- 3. Obrigación para os clientes do servizo de manter a distancia mínima de seguridade un metro co condutor e co resto dos pasaxeiros, limitando o uso das butacas de forma que sempre exista unha libre de separación.*
- 4. Prohibición de ocupación das primeiras liñas de asentos.*

*4º.- Autorizar á Concellería Delegada de Transportes a acordar a supresión do cobro en metálico, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, sempre que o contratista acredite a posta en funcionamento dun procedemento para a expedición e entrega inmediata, nun prazo de 24 horas como máximo, das tarxetas que permitan o pago do billete a todas as persoas usuarias que non dispoñan da tarxeta passVigo.*

*5º.- Comunicar á Xunta de Galicia a porcentaxe de redución do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no apartado 2 deste acordo”.*

**Segundo.-** En data 13 de maio de 2020, a XGL acordou:

*“Modificación da porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 24 de marzo de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos dende as 00:00 horas do 11 de maio de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:*

- Días laborables: até un 73%*
- Sábados: até un 75%*



## Concello de Vigo

- *Domingos e festivos: até un 81%”*

**Terceiro.-** En data 28 de maio de 2020, D. Luis Alberto González Ferreño, en nome e representación de Viguesa de Transportes, S.L., empresa concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, presenta escrito solicitando a modificación da porcentaxe de prestación do servizo fixada no acordo da XGL de data 13 de maio, consonte o plan presentado para a desescalada.

Reproduce neste escrito os escenarios de recuperación de mobilidade recollidos no seu escrito de 11 de maio:

- ESCENARIO R3: Incremento de servizo hasta alcanzar un 70-75% del total\*
- ESCENARIO R2: Incremento de servizo hasta alcanzar un 85-90% del total\*.
- ESCENARIO R1: Incremento de servizo por encima del 100% del total\*, reforzado las líneas de más demanda.
- ESCENARIO R0: Reposición normalizada del servizo (100%), que podría incluír dos subfases en función de su fecha de implementación:
  - o Subfase A. Sin incluír los servizos de transporte específicos para la Universidad de Vigo.
  - o Subfase B. incluyendo los prestados a la Universidad (previsiblemente apartir de septiembre de 2021).”

\*Sin servizo a universidad”.

Solicita que se lle autorice para progresar o escenario R2 así como outras medidas orientadas a potenciar o servizo público, impedir a transmisión do virus e protexer a saúde dos traballadores do servizo consonte as diversas ordes e recomendacións do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

**Cuarto.-** En data 3 de xuño de 2020 a xefa do servizo de Transporte, informa favorablemente a proposta de avanzar ó escenario R2. Con respecto ás outras medidas solicitadas manifesta que o seu estudo lle corresponde ó responsable do contrato, dentro das súas competencias no ámbito do contrato. Propón a si mesmo que se requira “a empresa concesionaria, para que restableza o acceso ao autobús pola porta dianteira, unha vez finalice a instalación de mamparas separadoras no posto do condutor”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 á Viguesa de Transportes, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

-II-

### **Do estado de alarma e as súas consecuencias no transporte colectivo urbano**

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No seu artigo 7 limita a liberdade fundamental de circulación das persoas, recoñecida no artigo 19 da CE durante a vixencia do estado de alarma, constringendoa ós supostos autorizados no seu apartado 1 e sempre respectando as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias (apartado 3).

O artigo 14 deste RD, en consonancia coa restricións impostas no artigo 7 á liberdade de circulación, establece medidas en materia de transportes.

As medidas en materia de transportes perseguen dous obxectivos:

- a) Por un lado, limitar a circulación de medios de transporte colectivos, autorizando ás autoridades a reducir a porcentaxe do servizo, se ben respectando certos límites.
- b) Por outro, adoptar medidas de hixiene e sanitarias para evitar contaxios tanto os condutores como ós usuarios.

O artigo 14 do RD 463/2020 no seu apartado 2.c impón a obriga de manter os servizos de transporte público de competencia autonómica o local que estean sometidos a contrato público, como o caso que nos ocupa, se ben permite ás autoridades competentes en cada caso, establecer unha porcentaxe de redución de servizos no caso de que a situación sanitaria así o aconselle. Somete esta opción a dous límites:

- Garantir que os cidadáns poidan acceder ós seus postos de traballo.
- Garantir os servizos básicos.

Remata establecendo unha cláusula de peche que permite ás autoridades competentes adoptar todas aquelas medidas adicionais necesarias para limitar a circulación de medios de transporte colectivos que resulten necesarias e proporcionadas para preservar a saúde pública (apartado 5).



## Concello de Vigo

A facultade de redución do servizo é desenvolta na Orde TMA/230/2020, de 15 de marzo, que dispón no seu artigo 1 que:

*“Cada autoridade autonómica o local competente poderá fijar los porcentajes de reducción de los servicios de transporte público de su titularidad que estime convenientes, de acuerdo a la realidad de las necesidades de movilidad existentes en sus territorios y a la evolución de la situación sanitaria, garantizando, en todo caso, que los ciudadanos puedan acceder a sus puestos de trabajo y los servicios básicos en caso necesario.*

*Podrán, así mismo, establecer condiciones específicas de prestación de dichos servicios.*

*Lo anterior procederá sin perjuicio de las facultades del Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana señaladas en el artículo 14.1 del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19”.*

A Orde TMA/273/2020, no seu artigo 2.2 impón como obrigatoria a redución da porcentaxe mínima de prestación do servizo *“de acuerdo a la evolución de la situación, teniendo en cuenta la necesidad de facilitar el acceso a los puestos de trabajo y servicios básicos de los ciudadanos en sus territorios, sin que se produzcan aglomeraciones”*.

En cumprimento desta normativa, a XGL, en data 24 de marzo de 2020, acordou a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe o contrato e reduxo, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas na solicitude da empresa concesionaria.

Posteriormente, a Orde TMA/306/2020, de 30 de marzo, determinou que os servizos de transporte urbán deberían reducir a oferta de servizos e frecuencias *“hasta alcanzar niveles de prestación similares a los de fin de semana, considerando la necesidad de acceso al puesto de trabajo del personal ocupado en los servicios esenciales y el acceso de los ciudadanos a los servicios básicos”*. Así mesmo prevía que os horarios e frecuencias poideran axustarse atendendo ás necesidades específicas de cada territorio. No entanto, esta norma fixaba un prazo de aplicación temporal coincidente co do RD-Lei 10/2020, é dicir, 9 de abril de 2020 (artigo 2.1 do RD-Lei 10/2020), polo que a día de hoxe non resulta de aplicación.

A Orde TMA/384/2020 no seu artigo 2 establece como aforo máximo nos transportes colectivos de viaxeiros de ámbito urbano, a ocupación da metade das prazas sentadas disponibles e de dos viaxeiros por cada metro cadadro na zona habilitada para viaxar de pé.

A Orde de 6 de maio de 2020 pola que se aproban medidas a aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, contempla una reactivación paulatina da actividade de transporte coincidente co levantamento paulatino das restriccións implantadas por causa do COVID-19 e contempla a unha oferta mínima dun 80% nas horas puntas. Aínda que esta norma non é de aplicación para o transporte urbano, na súa disposición adicional única determina que as normas referidas para os servizos públicos de viaxeiros teran carácter de recomendación para as administracións locais en relación cos servizo de viaxeiros de transporte público de titularidade municipal.

A Orde TMA/400/2020 limita a ocupación total de prazas no transporte urbano de xeito que os pasaxeiros vaian separados por un asento contiguo baleiro (salvo convivintes no mesmo domicilio).

Á vista da normativa citada, agora que a Comunidade Autónoma de Galicia dende o día 25 de maio atópase na fase II da desescalada de cara a unha nova normalidade, e polo tanto se ten ampliado tanto a liberdade de movementos dos cidadáns como a actividade industrial e comercial, circunstancias que supoñen un incremento de posibles usuarios do transporte colectivo urbán de viaxeiros, resulta preciso revisar o acordo da XGL de 13 de maio deste ano.

### -III-

#### **Da solicitude de incremento da porcentaxe de prestación do servizo**

Vitrasa solicita o 28 de maio que se modifique a porcentaxe de prestación do servizo consonte ó escenario R2 do seu plan de escenarios de recuperación de mobilidade posto que iniciada a fase II da desescalada o día 25 de maio produciuse un incremento dos usuarios do transporte urbán.

Á vista da normativa exposta, e tras producirse o incremento de movementos da poboación e en especial dos traballadores que se incorporan os seus traballos, e co obxecto de garantir que os cidadáns poidan acceder ós seus postos de traballo, tal e como esixe o artigo 14 Real Decreto 463/2020, resulta convinte acceder ó solicitado. Máis sempre e cando ilo permita cumprir a limitación de ocupación de prazas imposta pola Orde TMA/400/2020, que determina que os pasaxeiros vaian separados por un asento contiguo baleiro (salvo convivintes no mesmo domicilio).

O que procede é aprobar o escenario concorde coa fase de desescalada vixente en cada momento e tendo en conta a evolución do uso do transporte urbán. Neste momento estamos en fase I conforme ó Orde SND/399/2020.

Coa desescalada redúcese a porcentaxe de imposibilidade de prestación do servizo declarada no acordo da XGL en aplicación do disposto artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Os efectos da modificación deberán retrotraerse as 00:00 horas do 1 de xuño. O artigo 39.3 da LPAC permite que excepcionalmente, poida outorgarse eficacia retroactiva ós actos cando concorra algún dos seguintes supostos:

- Se diten en substitución de actos anulados.
- Cando produzan efectos favorables ó interesado.

Máis é necesario que se cumpran dous requisitos:

- Que os supostos de feito necesarios existisen na data a que se retrotraiga a eficacia do acto.
- Que a retroactividade non lesione dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

Neste caso a medida produce efectos favorables ó contratista na medida en que accede ó solicitado por el e non prexudica dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

Informa ó respecto a xefa do servizo de Transportes que:





## Concello de Vigo

*“Na solicitude presentada, se contempla unha proposta de servizo para cada unha das fases de desescalada previstas, así como o mantemento das autorizacións das medidas excepcionais acordadas para evitar a transmisión do virus e protexer a saúde dos traballadores e usuarios do transporte, de conformidade coas diversas ordes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.*

*Considerase que soamente debe ser obxecto de estudo a proposta contemplada como Escenario R 2, coincidente coa Fase 2 da desescalada que entrou en vigor o día 25 de maio de 2020 as 00,00 horas, e debido ao inicio do incremento do número de viaxeiros que comenza a producirse pola diminución das medidas restrictivas derivadas da situación do estado de alarma.*

*O servizo proposto e o seguinte : días laborables : incremento até un 84%*

*sábados : incremento até un 88%*

*domingos e festivos : incremento até un 88%*

*O que supón un porcentaxe dun 86,66 % do servizo habitual*

*Considerando o disposto na Orde SND/440 /2020, de 23 de maio, publicada no BOE da mesma data, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e en aplicación da fase 2 do Plan a partir do día 25 de maio de 2020 se flexibilizan as restricións establecidas até a data, entre outras as relativas a apertura e aforo de establecementos comerciais e de hostalería , centros comerciais etc, o que implica unha maior mobilidade de persoas e unha maior demanda de transporte público, polo que considerase procedente informar favorablemente a ampliación de servizo solicitada, por ser necesaria para atender o previsible incremento de demanda de desprazamentos cumprindo coas medidas de aforo máximas recollidas na Orde TMA/400 /2020 de 9 de maio.*

*No se aprecia a existencia de ningún impedimento legal para autorizar a citada ampliación, por non ser de aplicación na actualidade a Orde TMA/306/ 2020 de 30 de marzo ( de aplicación até o 9 de abril de 2020 ) e axustarse ao disposto na Orde TMA/230/2020 de 15 de marzo, Orde TMA/ 273/2020 de 23 de marzo e na Orde de 6 de maio de 2020 ditada pola Xunta de Galicia.*

*En relación coa medida adoptada no Acordo de data 24 de marzo de 2020, de acceso ao autobús os viaxeiros pola porta central o traseira, en cumprimento do disposto na Orde TMA//254/2020 de 20 de marzo que recolle a obrigatoriedade deste acceso salvo que o conductor este protexido por una mampara, debe considerarse que a empresa esta dotando de mamparas protectoras o posto do conductor polo que unha vez instaladas na totalidade dos autobuses, quedará sin efecto a medida, recuperándose o acceso pola porta dianteira.*

*En relación coas demais medidas propostas:*

- Mantenimiento de las restricciones al uso de efectivo en el pago a bordo de los autobuses e implementación definitiva de sistemas alternativos de pago mediante tarjeta, permitiendo, de manera complementaria a la entrega en la oficina de Atención al Cliente, la entrega de las mismas en los autobuses con un importe precargado que permitirá al usuario su uso inmediato. El importe al cual se sumará exclusivamente los costes de gestión, fabricación y distribución de tarjetas al aportar*

*este sistema una ventaja sobre las distribuidas a través del canal ordinario de las oficinas de Atención al Cliente<sup>1</sup> deberá ser abonado por el usuario.*

- *Implantación progresiva de medidas de priorización del transporte público en la ciudad y de promoción del mismo.*
- *Valoración de la conveniencia, y en su caso, implantación de dosificadores del gel para clientes a bordo de los autobuses.*
- *Puesta en marcha de un servicio de cita previa para el servicio de atención al cliente presencial.*
- *Adaptación de las limitaciones de aforo de cada uno de los autobuses según las normas establecidas en cada momento.*
- *Seguimiento y control de las normas de acceso y uso por parte de los usuarios del servicio público que impliquen la mejora de la seguridad de los mismos (uso de mascarillas, no usar en caso de síntomas, limitación de los aforos, etc.).*
- *Mantenimiento de la autorización para la instalación de aseos provisionales para el personal de conducción en las principales cabeceras de líneas en tanto en cuanto los mismos no puedan ser sustituidos por aseos públicos y definitivos.*

*considerase que o estudo das mesmas corresponden ao responsable do contrato dentro das suas competencias de control e seguimento do mesmo, polo que no se formula proposta sobre as mesms a Xunta de Goberno Local.*

*En relación as medidas que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2020 mantense as mesmas, en tanto non se produzan variacions na normativa ditada en relacion co transporte urbano como consecuencia da declaración do estado de alarma, con excepción da relativa ao acceso pola porta central o traseira que se recollo na proposta que se formula.*

*Polo exposto formulase a seguinte :*

### PROPOSTA

*PRIMEIRO: Informar favorablemente, a solicitude formulada pola empresa Viguesa de Transportes S.L. para a ampliación do porcentaxe actual do servizo, de conformidade coa normativa aprobada nos últimos días polo Goberno en relación cos servizos de transporte urbano, para que polo órgano de contratación se fixe a ampliación do servizo, dende a data 1 de xuño de 2020, debido a entrada en vigor da Fase 2 da desescalada na data 25 de maio de 2020, nos seguintes porcentaxes :*

*días laborables : incremento até un 84%*

*sábados : incremento até un 88%*

*domingos e festivos : incremento até un 88%*

*O que supón un porcentaxe dun 86,66 % do servizo habitual.*

*SEGUNDO: Requirit a empresa concesionaria, para que restablezca o acceso ao autobus pola porta dianteira , unha vez finalice a instalación de mamparas separadoras no posto do conductor”.*



**Concello de Vigo**

**-IV-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

### **ACORDO**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Modificar a porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 13 de maio de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos dende as 00:00 horas do 1 de xuño de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:*

- Días laborables: até un 84%*
- Sábados: até un 88%*
- Domingos e festivos: até un 88%”*

*2º.- Requirit a empresa concesionaria, para que restableza o acceso ao autobús pola porta dianteira , unha vez finalice a instalación de mamparas separadoras no posto do condutor”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(426).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DA CIDADE DE VIGO COMO MEDIDA PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DO SERVIZO, E AS CONDICIÓNS DE VIABILIDADE E PRAZOS NECESARIOS PARA DESENVOLVER A LICITACIÓN DUN NOVO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 3080/449.**

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización do 04/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 4/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

## **1. ANTECEDENTES:**

Na actualidade o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade se rexe polo prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade aprobado na sesión plenaria de data 26 de maio de 1994.

O contrato actual foi adxudicado a empresa Viguesa de Transportes SA, na sesión plenaria de data 16 de setembro de 1994, e con data 8 de xuño de 1995, formalizouse en contrato administrativo a citada concesión.

De acordo coa regulación xurídica dos prazos da actual concesión e de conformidade co disposto na cláusula 2 do prego de condicións que rexe a concesión administrativa os prazos do actual contrato defínense en base os seguintes condicionantes:

*“A duración máxima da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo, será de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos, incluído o prazo fixo.*

*O prazo da concesión comezará a contarse a partir da formalización do contrato en documento administrativo o en escritura pública no caso de solicitalo o interesado.*

*A prórroga será automática, salvo denuncia expresa por algunha das partes con un ano de antelación como mínimo”*

Como consecuencia do anterior e a proposta do servizo, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2018, acorda denunciar a prórroga da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo da que é titular a empresa Viguesa de Transportes S.L. por Acordo Plenario de data 16 de setembro de 1994. Dito acordo tiña como principal obxecto evitar unha “prórroga tácita do actual contrato” dunha duración fixa de cinco anos.

Á vista destes antecedentes a finalización da concesión administrativa do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, ten como data o 7 de xuño do ano 2020.

Iniciada a tramitación dun novo expediente conducente a adxudicación dun novo contrato, considerouse necesario a constitución dun comité técnico de traballo de carácter multidisciplinar, coa finalidade de propor as actuacións concretas necesarias no ámbito das necesidades do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo.

Así con data 4/10/18, a Sra. concelleira-delegada de Transporte e Proxectos Estatais e Europeos, en base as competencias na materia de "transporte" e o Sr. concelleiro delegado de Fomento, limpeza e contratación en exercicio das competencias sobre o "seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos", resollen constituír un comité técnico de traballo no ámbito do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros para a cidade de Vigo, para realizar as tarefas asociadas ao proceso de finalización da concesión e para o desenvolvemento dos estudos necesarios para a tramitación do novo expediente administrativo conducente á adxudicación do novo contrato, dándose conta deste resolución á Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2018 (expte 2130/449).

## **2.- SITUACIÓN DO NOVO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN:**



## Concello de Vigo

Na actualidade despois do desenvolvemento dos estudos necesarios para a conformación dun novo expediente de contratación, procede identificar os distintos pasos e documentos que se atopan redactados para a determinación do novo expediente de contratación:

- Con data do 14/02/2019 procedeuse a publicar o anuncio de información previa relativo ao contrato de servizo público de transporte de acordo co indicado no artigo 7 apartado 2 do Regulamento nº1370/2007 do PARLAMENTO EUROPEO, o cal obriga a publicar dito anuncio cun prazo mínimo dun ano antes do inicio do procedemento de licitación.
- Con data 6 de febreiro de 2020, publicase no BOPPO (nº25), a APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO (EXPEDIENTE 2667-449), o cal se corresponde coas obrigas establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público *“Antes de proceder a contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá haberse establecido seu réxime xurídico, e regular os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo.”*
- Foi desenvolto un estudo específico en relación a viabilidade económica para un novo contrato de concesión e atopase redactada dende os primeiros días de marzo a PROPOSTA DE ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICA PARA UN NOVO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS BAIXO A MODALIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA.
- En relación a conformación do correspondente expediente de contratación, atopase redactada dende os primeiros días de marzo a correspondente MEMORIA DE CONTRATACIÓN COA DEFINICIÓN DE TODOS OS ASPECTOS NECESARIOS PARA A DETERMINACIÓN DO PCAP PARA UN NOVO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS BAIXO A MODALIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA.
- Atopase redactado en fase borrador un PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA O NOVO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS BAIXO A MODALIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA.
- O expediente, una vez completados os anexos do prego de prescricións técnicas, estaría preparado polo tanto para a iniciación dos tramites administrativos para a licitación.

### **3.-CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DO ACTUAL CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIGO .**

#### **A) MARCO NORMATIVO ESTADO DE ALARMA E TRANSPORTE COVID19**

Na data 14 de marzo de 2020 foi publicado no BOE numero 67 o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas importantes consecuencias derivadas do mesmo para a sociedade en xeral e para o transporte urbano en particular ( en concreto regulado no artigo 14 do citado texto legal)

Dende a mencionada data o estado de alarma foi prorrogado sucesivamente por Real Decreto 476/2020 de 27 de marzo, Real Decreto 487/2020 de 10 de abril, Real Decreto 492/2020 de 24 de abril, Real Decreto 514/2020 de 9 de maio, e Real Decreto 537/2020 de 23 de maio, ate as 00.00 horas do día 7 xuño de 2020 .

Durante o período do estado de alarma foi ditada a seguinte normativa reguladora do transporte en xeral, e o transporte urbano en particular:

Orde TMA/230/2020 de 15 de marzo pola que se concreta a actuación das autoridades autonómicas e locais respecto da fixación de servizos de transporte público da súa titularidade.

Orde TMA/254/2020 de 18 de marzo pola que se ditan instrucións en materia de transporte por carreteira e aéreo.

Orde TMA/263/2020 de 20 de marzo pola que se regula a adquisición e distribución de mascarillas por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Orde MA/273/2020 de 23 de marzo pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.

Orde TMA/292/2020, de 26 de marzo, pola que se regula unha segunda adquisición e distribución de mascarillas por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Orde TMA/306/2020, de 30 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución de servizos de transporte de viaxeiros durante a vixencia do RD-lei 10/2020

Orde TMA/384/2020 de 3 de maio pola que se ditan instrucións sobre a utilización de mascarillas nos distintos medios de transportes e fíxanse requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Orde de 6 de maio de 2020 pola que se aproban medidas para aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros da Comunidade Autónoma Galega .

Orde TMA/400/2020, de 9 de maio, pola que se establecen as condicións a aplicar na fase I da desescalada en materia de mobilidade e se fixan outros requisitos para garantir unha mobilidade segura , na que na Disposición final primeira se modifica o artigo 2 da Orde TMA/384/2020 de 3 de maio e establece como referencia do aforo máximo nos transportes colectivos de viaxeiros de ámbito urbano, a ocupación da metade das prazas sentadas dispoñibles e de dos viaxeiros por cada metro cadrado na zona habilitada para viaxar de pe.

Orde TMA/424/2020, de 20 de maio, pola que se modifica a Orde TMA/384/2020, de 3 de maio, pola que se ditan instrucións sobre a utilización de mascarillas nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición ate unha nova normalidade; e a Orde TMA/419/2020, de 18 de maio, pola que se actualizan as medidas en materia de ordenación xeral da navegación marítima adoptadas durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 ao proceso de desescalada.

Na normativa citada, e por tratarse dun servizo público esencial e de prestación obrigatoria, regulase o mantemento do mesmo garantindo que os cidadáns poidan acceder aos seus postos de traballo e os servizos básicos en caso necesario, contemplándose a redución dos servizos e regúlándose as estritas medidas que deben adoptarse para garantir a seguridade sanitaria tanto dos condutores como dos viaxeiros.

Como consecuencia do anterior e para adaptarse ao disposto na citada normativa, a Xunta de Goberno local, en sesión de data 24 de marzo de 2020 adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*1º.- Apreciar a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe este contrato, aprobado por Acordo Plenario de data 26 de maio de 1994, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.*

*2º.- Reducir, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA) en data 23 de marzo de 2020 e que obra no expediente dixital 3047-449.*

*3º.- Autorizar a adopción, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, das seguintes medidas excepcionais enfocadas a impedir a transmisión do virus e a protexer a saúde dos traballadores e usuarios do servizo público de acordo coa Orde TMA/254/2020 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana consistentes en:*

- 1. Obrigación de acceso/saída dos clientes exclusivamente polas portas central e/o traseira (articulados) facendo uso da segunda validadora situada próxima a esta porta, bloqueando para o seu uso a dianteira.*
- 2. Limitar o aforo de cada un dos autobuses a un máximo de 30% da súa capacidade.*
- 3. Obrigación para os clientes do servizo de manter a distancia mínima de seguridade un metro co condutor e co resto dos pasaxeiros, limitando o uso das butacas de forma que sempre exista unha libre de separación.*
- 4. Prohibición de ocupación das primeiras liñas de asentos.*

*4º.- Autorizar á Concellería Delegada de Transportes a acordar a supresión do cobro en metálico, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, sempre que o contratista acredite a posta en funcionamento dun procedemento para a expedición e entrega inmediata, nun prazo de 24 horas como máximo, das tarxetas que permitan o pago do billete a tódalas persoas usuarias que non dispoñan da tarxeta passVigo.*

E, tendo en consideración, a entrada en vigor da Fase 1 da desescalada, a Xunta de Goberno local en sesión de data 13 de maio de 2020, adopto o seguinte acordo:

*“Informar favorablemente, a proposta formulada pola empresa Viguesa de Transportes S.L. para a ampliación do porcentaxe actual do servizo, de conformidade coa normativa aprobada nos últimos días polo Goberno en relación cos servizos de transporte urbano, para que polo órgano de contratación se fixe a ampliación do servizo, dende a data 11 de maio de 2020, coincidindo coa entrada en vigor da Fase 1 da desescalada, nos seguintes porcentaxes :*  
*días laborables : incremento até un 73%*  
*sábados : incremento até un 75%*  
*domingos e festivos : incremento até un 81% “*

## **B).-ANÁLISE DA SITUACIÓN SOBREVIDA COMO CONSECUENCIA DO COVID 19 E PROPOSTA DE PRORROGA EXPRESA**

Como consecuencia da situación derivada do estado de alarma o transporte urbano en xeral, e o da cidade de Vigo en concreto sufriu unha perda de viaxeiros dun 90%. ( Datos contrastados coa información da ATUC (Asociación de transportes públicos urbanos e metropolitanos) e cos datos do propio servizo da cidade.)

Do exame da situación actual, comprobouse que a situación do transporte urbano de viaxeiros, e completamente distinta dende o día 14 de marzo de 2020, descoñecendo como vai a evolucionar no futuro inmediato e no futuro mais lonxe, e considerando que a recuperación do numero de persoas usuarias alcanzado na primeira quincena do mes de marzo tardara un período largo de tempo.

Esta incerteza ten unha incidencia moi importante no estudo de viabilidade económica realizado para a licitación do novo contrato do servizo de transporte urbano de viaxeiros e cuxa licitación estaba prevista para a segunda quincena do mes de marzo pasado. Neste sentido debese ter en conta que un dos aspectos clave da viabilidade económica deste contrato se sustenta en relación a hipótese sobre o número de viaxes/ano e na actualidade as incertezas xeradas polo COVID-19 no transporte urbano, pasan dun escenario real de “risco e ventura sobre a evolución da demanda” a datos tan extremos como que na os viaxes alcanzaron valores do 10 % do escenario antes do COVID-19. Así tamén temos que atender a todas as medidas que afectan a adecuación dos medios de transporte a normativas hixiénicas e de seguridade que poden variar de acordo coa evolución do nivel de contaxio do COVID.

Todos estes condicionantes levan a consolidar unha gran incerteza sobre a evolución do sector do transporte urbano e os condicionantes e prazos para unha recuperación completa dos valores previos ao COVID; polo que parece aconsellable demorar a licitación do novo contrato, ate que se dispoña dos datos que se deriven da denominada “nova normalidade” que permitan licitar o contrato con tódalas garantías de viabilidade económica reguladas na vixente lexislación en materia de contratación pública.

Esta situación leva implícita a necesidade de garantir a continuidade do actual contrato durante o período comprendido entre a data de finalización do actual (7 de xuño de 2020), e a finalización do proceso de licitación e adxudicación do novo contrato.

Non podemos esquecer que o actual contrato prevé a posibilidade, na cláusula 2 do prego de condicións que rexe o contrato, aprobado en sesión plenaria de data 26 de maio de 1994, de dúas prorrogas de 5 anos cada una, prorroga que foi denunciada por Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2018, a fin de evitar a condición de “prorroga automática do contrato”.

Hoxe debemos ter en conta, que debido as circunstancias imprevisibles e excepcionais provocadas pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasiona polo COVID-19, é complicado poder iniciar nos próximos meses a licitación do novo contrato de transporte urbano da cidade, debendo garantirse a continuidade da prestación do servizo por tratarse dun servizo publico de prestación





## Concello de Vigo

obligatoria por parte do Concello de conformidade no disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/ 1985 de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local

En base as cuestións expostas e ante a necesidade de dispoñer dun período amplo de tempo que permita comprobar o comportamento dos usuarios do servizo de transporte, así como a evolución das medidas excepcionais en relación a garantir o necesario “distanciamento social” dadas as consecuencias derivadas da pandemia que estamos sufrindo, coñecer as necesidades reais de servizo e garantir a licitación do futuro contrato en condicións de mercado que garantiren a concorrência no mesmo, estimase que a proposta mais axeitada para garantir o servizo, é autorizar de forma expresa a prorroga de 5 anos regulada na cláusula 2 do prego de condicións que rexe o contrato, previa audiencia a empresa concesionaria.

E importante destacar que o actual contrato de concesión do servizo público do transporte urbano colectivo da cidade de Vigo se atopa afectado no ámbito económico dunha maneira moi importante. Esta afección atopase contrastada como se indicou anteriormente por, unha redución do servizo ata un 50 %, ( actualmente incrementado o servizo ate un 76%) e por un descenso no número de viaxeiros de ata o 90%, (actualmente esta nun 82,88%) datos que se atopan identificados en todos os servizos públicos de transporte urbano do Estado.

A vista do exposto e reiterando:

a.- Que o actual contrato ten prevista a súa finalización o vindeiro 7 de xuño de 2020, e a súa continuidade e necesaria por tratarse dun servizo público de prestación obrigatoria por parte do Concello de conformidade no disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/ 1985 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local.

b.- Que os traballos realizados no marco do expediente de contratación para o novo contrato de xestión de servizos baixo a modalidade de concesión administrativa para o servizo do transporte urbano colectivo na cidade de Vigo, se atopan modificados de maneira moi importante en relación ao impacto do COVID-19, (unha minoración drástica dos usos en valores actuais dun 82,88%) e polo tanto se fai inviable a continuidade da súa tramitación.

c.- Que a situación actual provocada polo COVID-19 e de forma especial as consecuencias no transporte público, levan a necesidade de dispoñer dun período amplo de tempo que permita comprobar o comportamento dos usuarios do servizo de transporte, así como a evolución das medidas excepcionais en relación a garantir o necesario “distanciamento social” dadas as consecuencias derivadas da pandemia que estamos sufrindo.

d.- Que a continuidade do contrato vixente, ademais de garantir o servizo de transporte urbano en Vigo, posibilitará estudar adecuadamente cales poderán ser as medidas mais axustadas para o intereses municipais en relación ao equilibrio económico do novo contrato, así como desenvolver os tempos necesarios para asentarse con suficiente criterio os fundamentos económicos que determinen a viabilidade económica para unha nova licitación.

De conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 67 da Lei de Con-

tratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, “deben ser rechazadas as prórrogas tácitas, aun estando previstas en contratos anteriores a la indicada fecha” foi efectuada a denuncia da prórroga automática por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2018, tal e como figura na cláusula 2 do prego de condicións que rexe o contrato.

Polo exposto e a fin de garantir a continuidade do servizo, resulta necesario adoptar Acordo de prórroga expresa, con carácter previo ao 8 de xuño de 2020.

### **C) CONDICIÓN DA PRORROGA**

**PRIMEIRO:** As condicións da prórroga que se propón serán as mesmas vixentes na actualidade e de conformidade co disposto no prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo aprobado na data 26 de maio de 1994; na oferta presentada pola empresa concesionaria; o documento de formalización do contrato asinado na data 8 de xuño de 1995 e as modificacións do mesmo realizadas nas seguintes datas:

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2001 de remodelación da rede actual de transporte urbano colectivo de viaxeiros, excepto no recollido no parágrafo segundo deste apartado C ) .

Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2014 polo que se modifica o contrato do servizo público de viaxeiros da cidade de Vigo, incluíndo o servizo de transporte a cidade universitaria Lagoas Marcosende mediante Lanzadeiras Expediente 319-449

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de agosto de 2004 polo que se modifica o contrato asinado na data 8 de xuño de 1995 para a inclusión do servizo de bus turístico. Expediente 1421-104 e a súa modificación por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2004.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2016 polo que se modifica o contrato asinado na data 8 de xuño de 1995 para a inclusión do servizo ao novo hospital Alvaro Cunqueiro Expediente 726-449

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017 polo que se modifica o contrato asinado na data 8 de xuño de 1995 para a inclusión dunha nova liña ao novo hospital Alvaro Cunqueiro Expediente 1383-449

**SEGUNDO:** Durante o período da prórroga quedará sen efecto e non será de aplicación, o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 acordo adoptado para resolver unha serie de reclamacións presentadas polo empresa concesionaria, e extensivo de conformidade co disposto na cláusula sétima do mesmo ate o ano 2019.

Así mesmo quedara sen efecto o disposto na parte expositiva do informe proposta de data 25 de setembro de 2001, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno local de data 29 de outubro de 2001 relativo a compensación pola posible repercusión económica derivada da implantación do billete de transferencia gratuíto, onde di : “transcorrido o período transitorio de 3 anos dende a súa implantación para o caso de non acadarse o numero de viaxeiros de pago fixados como hipótese baixa na prognose que figura na oferta presentada pola empresa concesionaria, billete de correspondencia entre liñas”; por estar sustentado nunha prognose de viaxeiros ate o final do período confesional de 25 años.



## Concello de Vigo

TERCEIRO: O réxime económico do contrato durante o período da prorroga será o mesmo que se ven aplicando até a data e recollido nas cláusulas 3, e 60 a 64 do prego de condicións que rexe a licitación.

Así, os datos económicos da concesión, no momento da finalización do prazo inicial son os seguintes:

- a) Prezo billete ordinario (revisado por acordo da XGL de data 28/12/2018): 1,35 €
- b) Prezo coche/km (revisado por acordo da XGL de data 28/12/2018): 5,2454 €
- c) Inversión en material móbil (vehículos):
  - Inversión en material móbil pendente de amortizar a 31/12/2019: 13.762.472,45 €
  - Cota de amortización pendente para 2020: 1.864.427,01.
  - Tipo de interese aplicable para a recuperación da inversión que se faga durante a prórroga: Será o tipo de interese vixente no mercado financeiro e de capital, determinado por acordo entre as partes co límite do 8%
  - Gastos financeiros en 2020 da inversión pendente de amortizar: 1.100.997,80 € .
  - Inversión nova prevista por anualidade:

Ano	Unidades novas
2020	0
2021	31
2022	20
2023	5
2024	16
2025	0

A data de finalización da prorroga, o material móbil pendentes de amortizar, de conformidade co disposto na cláusula 58 do prego de condicións que rexe a concesión poderá ser adquirido polo Concello o ben determinar que o mesmo sexa adquirido polo novo concesionario, mediante a inclusión da correspondente cláusula no prego de condicións que se elabore, o quedar en poder do concesionario.

O prezo das novas unidades dependerá do modelo e a tecnoloxía (GNC, eléctrico, híbrido ou diésel Euro VI

d) Inversión en terreos e instalacións:

- Inversión en terreos e instalacións pendente de amortizar a 31/12/2019: 1.243.303,70
- Cota de amortización e gastos financeiros en 2020: 597.707,14
- Tipo de interese aplicable para a recuperación da inversión: 6%

As inversións en terreos e instalacións non se atopan totalmente amortizadas como consecuencia dos acordos adoptados pola XGL do Concello de Vigo nas sesións do 26/12/2012, 26/12/2013 e 17/01/2014, nos que, entre outros extremos, acordouse “deferir a imputación á tarifa correspondente á amortización de terreos e instalacións do ano 2013 para financiar a conxelación da parte equivalente á tarifa do ano 2013”; “deferir a imputación á tarifa correspondente á amortización de terreos e instalacións do ano 2014 para financiar a conxelación dos bonos do ano 2014 (...) afectando a actualización da tarifa exclusivamente aos usuarios que non teñen tarxeta”; e “modificar o contrato en canto a situación do fondo de

reversión dos terreos e instalacións, cuxa recuperación destes dous anos (2013-2014) farase de acordo con algunha das fórmulas que estableza o informe de fiscalización (...)", entre as que se atopaba "Facerlle fronte o Concello, ben de forma directa con cargo aos orzamentos, ou incluíndo esta contía no PCAP que regule o futuro contrato".

A amortización do fondo de reversión dos terreos e instalacións pendentes de amortizar, recuperárase distribuíndo o seu importe entre os anos 2020 e 2021.

#### **D) CONFORMIDADE DA EMPRESA CONCESIONARIA**

Na data 3 de xuño de 2020 déuselle traslado a empresa Viguesa de Transportes S.L. do informe-proposta polo que se propón a prorroga polo prazo de 5 anos dende o 8 de xuño de 2020, e con data 4 de xuño de 2020, presentan escrito no que manifestan a súa conformidade co informe-proposta de prorroga do contrato de concesión recibido na data 3 de xuño de 2020.

Manifestan así mesmo que esta conformidade coa proposta de prorroga, non implica a renuncia a ningún dereito respecto da reclamación de restablecemento do equilibrio económico presentada pola situación derivada do Covid 19. En relación coa citada manifestación informase que a solicitude presentada non ten ningunha relación coa proposta e condicións da prorroga, e que a solicitude formulada será obxecto de estudio e resolución independente, en relación cos acordos adoptados no expediente 3047-449.

#### **E) COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da asesoría xurídica e a fiscalización pola intervención xeral, a adopción do seguinte :

#### **ACORDO**

Aprobar a prorroga expresa do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, adxudicado a empresa Viguesa de transportes S.A.( actualmente S.L.) formalizado na data 8 de xuño de 1995, de conformidade co previsto na cláusula 2 do prego de condicións da concesión administrativa de transporte urbano colectivo de viaxeiros que rexe o contrato, aprobado na data 26 de maio de 1994, por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020, até o 7 de xuño de 2025, e nas condicións recollidas no mencionado prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo; na oferta presentada pola empresa concesionaria e nas mesmas condicións que ten na actualidade e descritas no apartado C do informe-proposta.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,



## **Concello de Vigo**

Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez